

MOCIÓN DE APOIO A UNHA AGRICULTURA LIBRE DE TRANSXÉNICOS

O Grupo Municipal de _____ do Concello de _____, recollendo a iniciativa trasladada pola Plataforma Galega Anti-transxénicos, coñecedor dos riscos que para a biodiversidade e para a saúde supoñen a liberación de Organismos Modificados Xenéticamente ao Medio Ambiente, consciente dos efectos irreversibles e imprevisibles que a contaminación xenética producirá nos ecosistemas, en defensa da aplicación do principio de precaución, propoñe ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais elevar ao Pleno Municipal do Concello de _____ a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2007 o Ministerio de Medio Ambiente deu o visto bó a dous ensaios de liberación de millo transxénico en Galiza nos concellos de Val do Dubra e Touro (A Coruña), Castro de Rei (Lugo) e Lalín (Pontevedra), a partir do cal preténdese elevar o número e extensión das áreas de experimentación con transxénicos. Recentemente, para este 2008 téñense solicitado 10 ensaios máis en outras tantas parcelas de concellos como Arteixo, Mesía e Ribeira (A Coruña), e Vilalba e Chantada em Lugo.

Este feito está a provocar reaccións adversas ao cultivo de millo transxénico en Galiza e, en consecuencia, demándase un amplo debate social que a Plataforma Galega Anti-transxénicos pretende impulsar.

En Francia acaban de denegar a realización de estudos experimentais con millo transxénico, concretamente da variedade MON 810, por ser potencialmente perxudicial para o medio ambiente e a saúde das persoas, e coa que se fixeron e pretenden facer ensaios en Galiza. No ano 2007 sementouse este millo na localidade coruñesa de Val do Dubra.

Este millo transxénico prohibiuse tamén en varios países da Unión Europea, como Francia, Austria, Hungría ou Grecia, en base ás evidencias científicas sobre os seus impactos ambientais e as súas incertidumes sobre a saúde pública. E tamén, 180 rexións e máis de 4.500 autoridades locais de toda a UE tomaron medidas para solicitar a prohibición do cultivo de OMX (Organismos Modificados Xenéticamente) no seu territorio.

A expansión e xeralización do cultivo de millo transxénico é o horizonte máis probable para a agricultura en Galiza e o Estado Español se non se toman as medidas preventivas urxentes e adecuadas á gravidade dos acontecementos polas autoridades locais, autonómicas e estatais no seu ámbito de competencias.

Ningunha autoridade científica pode afirmar coñecer os efectos dos organismos xenéticamente modificados sobre o medio ambiente e a saúde dos consumidores.

As autoridades da UE apostan claramente polo desenvolvemento da agricultura ecolóxica, e constatan que os OMX representan un risco de contaminación irreversible para os cultivos ecolóxicos, estando comprobada a desaparición a corto prazo destes cultivos, e supoñendo tamén unha grave ameaza para a aposta por unha agricultura de calidade, máis respectuosa co medio ambiente.

A utilización de cultivos OMX non aportan ningunha vantaxe social nin medioambiental de relevo que puidera compensar os riscos que entraña a súa utilización, e ningún problema agronómico ou alimentario require hoxe de solucións transxénicas.

Os consumidores manifestan claramente o seu desinterés e rechazo polos produtos alimenticios obtidos de cultivos transxénicos.

Os cultivos ao aire libre de organismos xenéticamente modificados son capaces de contaminar ás especies vexetais naturais.

A imposibilidade de controlar os cultivos ao aire libre, o cruce mediante polinización cruzada de cultivos naturais cos modificados xenéticamente, e coñecer que animais destinados ao consumo humano alimentáronse con alimentos transxénicos, determina a imposibilidade de controlar a contaminación en toda a cadea alimentaria, a eliminación fáctica do principio de libre elección do consumidor e a posta en cuestión do dereito dos cidadáns á seguridade alimentaria.

É o deber deste Concello velar pola saúde pública dos seus conveciños, pola calidade do medio ambiente no seu termo municipal e polas condicións de vida e desenvolvemento económico neste municipio.

Por todo o anteriormente exposto, propomos ao Pleno do Concello de _____ a adopción do seguinte:

ACORDO

Declarar o Municipio coma Zona Libre de Transxénicos, recollendo os seguintes aspectos:

1. Debátase a situación dos ensaios con millo transxénico en Galiza e se posicionen contra do cultivo de millo transxénico e doutras plantas xenéticamente modificadas, tanto para venda como para autoconsumo (animal e/o humano) nas propias explotacións, así como sobre as posibles parcelas de cultivo experimental.
2. Acorde facer pública a oposición deste Municipio ao cultivo ao aire libre comercial ou experimental de millo transxénico e doutras plantas xenéticamente modificadas e aos alimentos transxénicos.
3. Acorde realizar as xestións necesarias ao obxecto de garantir que nos establecementos dependentes deste Concello non se expendan ou sirvan comidas ou bebidas que conteñan entre os seus ingredientes OMXs ou os seus derivados.
4. Acorde promover que os establecementos privados de venda de alimentos sitos no termo municipal non sirvan ou vendan alimentos modificados xenéticamente ou produtos derivados.
5. Acorde dictar as disposicións necesarias ao obxecto de que as Ordenanzas municipais declaren actividades insalubres e nocivas non autorizables, conforme o planeamento urbanístico, en parte algunha do termo municipal, as probas de campo con sementes ou calquera outra liberación intencionada de organismos modificados xenéticamente con fins experimentais.
6. Acorde declarar a sementa de variedades comerciais de sementes modificadas xenéticamente mediante técnicas de ADN recombinante, actividade insalubre e nociva, e en consecuencia sometida ás obrigacións xenéricas legalmente previstas.
7. Acorde solicitar ao Consello da Xunta de Galiza que inicie os trámites normativos necesarios para conseguir que Galiza sexa un dos territorios da UE libre de cultivos transxénicos.
8. Acorde trasladar as decisións tomadas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ao Ministerio de Medio Ambiente, á Consellería de Medio Rural, e á Xunta de Galiza.
9. Tomar todas as medidas necesarias para facer respetar este acordo

Asdo:

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE _____